



O BELÉN ELECTRÓ

● Víctor L. Villarabid

A Navidade que está celebrando o país galego goza un ano máis da fermosa instalación do belén electrónico de Begonte, Lugo, como o vén facendo desde a súa primeira instalación en decembro de 1972, sendo un anel máis dunha grande obra, o Teleclube que na mesma localidade se creou catro anos antes. Trátase de algo exemplar, dentro do mundo do belenismo, a través do cal, a cultura ten o seu maior expoñente nos certames de poesía, xornalismo e debuxo infantil, e desde hai dous anos, tamén o de arte galega.



Begonte converteuse na principal praza do belenismo galego



B

EGONTE, capitalidade dun pequeno municipio lucense, entrada da Terra Cha, cunha poboación duns cinco mil habitantes espallados polos seus múltiples lugares, converteuse na principal praza do belenismo galego, froito desa exemplar instalación do belén electrónico, que desde 1972 se amosa ó público durante boa parte do mes de decembro e o de xaneiro, desfilando por el miles de persoas ano tras ano. As diminutas figuriñas en movemento, son toda unha arte, esenfíciándose o día, a noite, a chuvía, a neve, a tormenta e o arco da vella. Esta obra, considerada como a más completa no seu estilo de cantas se poden ver en Galicia, naceu no seo do Teleclube fundado en 1968, chegándose á montaxe do belén en 1974, polo recordado sacerdote, Xosé Domínguez Guizán, que o inventou todo. Tomou en principio o sacerdote e o seu pioneiro colaborador, señor Varela, outro existente na Escola de Formación Profesional da Coruña, pero logo, a montaxe de Begonte superou en moito o patrón. Ián pasando os anos e aumentaban as visitas e tamén o volume do belén. Para iso debullábanse moitas horas de traballo, a cada figura ou ben a grupos se lles instalaba o seu motor. Tamén se lograban os efectos sonoros.

Nos anais da historia dese nacemento, despois da gran figura e alma mater, Xosé Domínguez Guizán, deben figurar no cadro de honra moitas outras persoas, Xosé Rodríguez Varela, Dionisio Varela Barro, Xosé Antonio Abelleira, Xulio Giz Ramil e o actual encargado deste Centro Cultural, Xesús Domínguez Guizán, tamén sacerdote e irmán de don Xosé. Un vilalbés de nacemento que falecía o 25 de abril

Milleiros de persoas visitan a espec

NICO DE BEGONTE

de 1986 e do que se dixo por entón e o recordan os poetas, que "segue desde alá arriba axudando ó seu irmán Xesús na perfecta vixilancia das figuriñas en movemento do belén e facendo posible toda esta montaxe do Centro Cultural "Xosé Domínguez Guizán" de Begonte, sempre por estas festas da Navidade, convocando os certames de poesía, xornalismo, debuxo infantil e arte Galega entre os cales, á marxe dos correspondentes diplomas e as figuriñas de Sargadelos, se reparten unhas seiscentas mil pesetas en premios.

PREGÓNS E CONCERTOS

Tampouco debe quedar sen mencionar que cada ano, parellamente ó belén electrónico de Begonte, pronuncia un pregón unha personalidade relevante, que dalgunha maneira estea relacionada con esta fermosa empresa. Hai concertos musicais e amplas e variadas exposicións. Posiblemente Begonte non tivo nunca unha forza motriz de promoción tan importante como vén sendo o belén electrónico, a convocatoria dos seus certames e o fecundo labor do Centro Cultural "Xosé Domínguez Guizán" nacido ó abeiro do teleclube provincial.


PROTECCIONISMO

Como toda obra boa e que se prece, en torno ó belén electrónico de Begonte, o cal conta cun importante patrimonio que lles pertence ós fieis parroquiais, débese destacar tamén que nunca faltou con maior ou menor intensidade, segundo os tempos, o apoio das institucións políticas, sociais, económicas e culturais, que foi sempre patente para ir completando as programa-

cións e aumentando incluso as cantas dos premios dos gañadores. Todo isto fixo do belén electrónico de Begonte o maior expoñente das instalacións que deste tipo se montan en Galicia, apoiándose con ese amplio abano cultural que leva a este milagre do nacemento de Cristo a contar cunha tradición de dúas décadas de vida, reforzándose edición tras edición como o demostra que este ano se inaugurate o arco da vella, completándose o ciclo normal que nos poida depara-lo calendario anual galego a través das catro estacións e o día e a noite.

O milagre é continuo na escenificación deste belén electrónico, no cal se pode ve-la lavandeira, o leñador, o pescador, o forneiro, as súas Maxestades que veñen de Oriente, o

lume facendo ferve-lo típico pote galego, a auga do río, a luz do día, as tebras da noite, o estrelado, a neve, o trono, a saída do sol polo horizonte e agora, como a grande novidade, en arco da vella. Estes movimentos e fenómenos climáticos pódense ir observando nesta marabilla da técnica que lembra o máis grande acontecemento que vivira o xénero humano e que froito da paciencia e sacrificio duns cantos homes e mulleres entusiastas fan posible que suceda, ano tras ano nesa vila da Terra Cha luguesa, e fan sentirse ó visitante adulto un pouco neno por uns instantes e ó neno ofrecerlle o gran acontecemento que deu orixe á nosa era. Todo isto se está vendo estes días no belén electrónico de Begonte. ●



O Belén é resultado dun laborioso traballo de perfección, no que se logran ata os efectos sonoros e o arco da vella

cular escenografía durante este mes